





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 70414**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos F. Branco Parga e dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **“o desenvolvemento do proceso de selección para a adxudicación de trinta e dúas vivendas protexidas de promoción pública, en réxime de aluguer, no concello das Pontes de García Rodríguez, os datos e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG núm. 546, do 26 de setembro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de selección de adxudicatarios de vivendas de promoción pública ábrese na data que se considera máis axeita en función do estado das obras de construción, perseguindo que a construción e a adxudicación se desenvolvan en prazos análogos, de xeito que o remate de cada unha delas, coa posta a disposición do edificio e coa elección dos seus moradores, respectivamente, sexan coincidentes no tempo o máis posible.

Con ese obxectivo e á vista do estado de execución da obra, considerouse que era o momento idóneo para o inicio do procedemento de selección de adxudicatarios.

Dos adxudicatarios provisionais 11 son menores de 35 anos e 12 maiores de 60.



O procedemento de adxudicación de vivendas de protección oficial de promoción pública é o especificado no capítulo IV do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso a vivenda con axudas públicas (en diante, Decreto 1/2010).

Nos termos do devandito decreto, neste procedemento de selección das Pontes participaron todos cantos á data da súa resolución de inicio estaban inscritos no Rexistro como demandantes de vivenda de promoción pública en réxime de aluguer para o concello das Pontes, e pertencían a algún dos colectivos aos que se reservou a promoción (menores de 35 anos ou maiores de 60). Cómpre destacar, polo tanto, que a participación no procedemento é automática, directamente derivada do cumprimento deses referidos requisitos, sen esixencia de actuación adicional ningunha por parte dos inscritos.

Á data do 26 de abril do 2011 o número de demandantes inscritos que cumprían tales condicións acadou a cifra de 23, inferior ao do total de vivendas ofertadas (32). Este é o motivo de que se adxudicaran 23 vivendas.

Non hai lista de espera porque o número de inscritos no Rexistro á data de inicio do procedemento era inferior ao número de vivendas a sortear.

A Comisión Provincial de Vivenda xa rematou o proceso de verificación de requisitos. Producíronse varias exclusións, todas elas por non acadar o mínimo de ingresos normativamente esixido de 0,7 veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples).

O procedemento de adxudicación estase a axustar estritamente en todas as súas fases ao prescrito nos artigos 22 e seguintes do Decreto 1/2010,



cumprindo coas esixencias de publicidade aí descritas e outorgándolle aos seleccionados os trámites para a emenda de deficiencias, presentación de documentación adicional e alegacións previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común. O procedemento é moito máis áxil e transparente que os existentes con anterioridade.

O artigo 29 do Decreto 1/2010 establece que “no caso de que o número de vivendas ofertado non se cubrixe coa lista de adxudicatarios/as e de espera, poderanse realizar tantos sorteos como fose necesario. O sorteo poderase abrir a solicitantes de localidades limítrofes ou da mesma área de influencia”.

Con base no antedito, os representantes da Consellería na Comisión Provincial de Vivenda propondrán a inmediata apertura dun novo procedemento de adxudicación.

A inscrición no Rexistro de Demandantes está permanentemente aberta, de xeito que todos os que estean interesados nestas vivendas poderán solicitar a súa inscricións e integrar a lista de candidatos á adxudicación, sempre que a formalicen antes de que se dea inicio ao novo procedemento de selección.

Finalmente, cómpre sinalar que o procedemento regulado no artigo 53 da Lei 18/2008 ten un carácter excepcional e está dirixido aos colectivos e situacións particulares que nel se describen, polo que, sen prexuízo do que poida resultar de futuras necesidades asistenciais, non se contempla neste concreto momento a súa aplicación para a adxudicación das vivendas de referencia.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia